

Venres, 19 de xullo de 2019

Núm. 138

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

REDONDELA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

*NOMEAMENTO MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓN DE
COMPETENCIAS NA MESMA*

ANUNCIO

Resolución da Alcaldía núm.: 1941/2019 de data 09/07/2019:

*ASUNTO. NOMEAMENTO MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓN DE
COMPETENCIAS NA MESMA*

Vistos os artigos 21 b) e 23 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), 65 da Lei 5/97 de xullo da Administración Local de Galicia (LALGA) e 35, 43, 44, 46 e 5 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF).

RESOLVO

Primeiro: Constituír a Xunta de Goberno Local, órgano colexiado de carácter resolutorio, que, baixo a presidencia da Alcaldesa, estará integrada polos seguintes concelleiros/as:

LEONARDO CABALEIRO COUÑAGO

MARÍA CASTRO ABAD

VICENTE LAMAS GUISANDE

MARTA ALONSO DOMÍNGUEZ

OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS

SUSANA COUÑAGO ANDRÉS

DANIEL BOULLOSA MARTÍNEZ

Segundo: Delegar na Xunta de Goberno o exercicio das seguintes atribucións:

- A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do PXOM non expresamente atribuídas ó Pleno así como os instrumentos de xestión urbanística e proxectos de urbanización.
- A adxudicación definitiva de concesións e contratacións de toda clase, agás obras, non atribuídos ao pleno do Concello, cando a duración non sexa superior a catro anos e o seu importe exceda de 40.000 euros.



Venres, 19 de xullo de 2019

Núm. 138

- Delegar a competencia coma órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración e de servizos que estean cofinanciados pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) cunha taxa de cofinanciación do 80% dentro do Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014/2020, enmarcado dentro da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible; e sempre que a competencia non corresponda ao Pleno da Corporación Municipal.
- A adquisición de bens e dereitos, así como o alleamento do patrimonio, non atribuídos ao pleno do Concello, cando o seu importe exceda de 40.000 euros.
- A aprobación da oferta pública de emprego, de acordo co orzamento do Concello e o cadro de personal aprobados polo pleno do Concello.
- A aprobación das bases das probas para a selección definitiva de personal funcionario e laboral fixo e dos concursos para a provisión de postos de traballo.
- A aprobación dos padróns de impostos, taxas e prezos públicos.
- A toma de razón de sentencias en procedementos xudiciais.
- A resolución dos recursos interpostos contra os acordos da Xunta de Goberno e o exercizo das accións xudiciais ou administrativas en asuntos da súa competencia, agás casos de urxencia.

Terceiro: Dispor que a Xunta de Goberno Local celebre as súas sesións ordinarias os primeiros e terceiros mércores do mes ás 9,30 horas.

Cuarto: A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no artigo 44.2 do RD 2568/198 e na sede electrónica municipal conforme ao disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Quinto: Notificar a presente resolución aos interesados, dar conta da mesma ao pleno do Concello e proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello sen prexuízo da súa plena validez e eficacia xurídicas a partir do día seguinte ao desta data.

A Alcaldesa, Digna Rosa Rivas Gómez.

Redondela, 10 de xullo de 2019

